

**ACTA Nº 17-2011**  
**DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO**  
**MUNICIPAL**  
**- DIA 27 DE OUTUBRO DE 2011 -**

**Marxe que se cita:**

**ASISTENTES**

**Presidente:** -ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

**Concelleiros/as:**

ADELINA CES QUINTANS (BNG)  
XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)  
Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)  
CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)  
JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)  
Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)  
SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)  
ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)  
Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)  
JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)  
Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)  
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP)  
ELISA BOUZAS VICENTE (PP)  
ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

**Concelleiros ausentes:**

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

**Secretaria:**

Carolina Costoya Pardo

**Interventora:**

Mª Belén Rodríguez Tourón

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:00 horas** reúnen os/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Desculpados os concelleiros ausentes e constatada a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

**ORDEN DO DÍA:**

- 1º.-** APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA: 29 DE SETEMBRO DE 2011.-
- 2º.-** DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 3º.-** DACIÓN DE CONTA DA DESIGNACIÓN DO CONCELLO VOGAL NO CONSELLO DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.
- 4º.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.
- 5º.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.
- 6º.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS.
- 7º.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO.
- 8º.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO SERVIZO DE GUINDASTRE E RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA.
- 9º.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS DE RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.
- 10º.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, ASNELOS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.
- 11º.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVA DE APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.
- 12º.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.
- 13º.-** APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓNS DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.
- 14º.-** NOMEAR REPRESENTANTE NO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA DA RIA DE AROUSA
- 15º.-** MOCIONS DE URXENCIA.
- 16º.-** ROGOS E PREGUNTAS

## **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA: 29 DE SETEMBRO DE 2011.-**

### **Acta Nº 15 Sesión ordinaria do día 29 de setembro de 2011.**

A Presidencia preguntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

José Carlos Gey Hermo solicita as seguintes rectificacións:

- no punto 3 na paxina 3:
  - onde pon: “...non hai facturas contabilizadas a 2010...” , debe dicir: “...non hai facturas sen contabilizar a 30.12.2010...”;
  - e seguidamente cando se di “...non hai facturas contabilizadas a 2010, e é mais, no Concello de Rianxo non hai facturas pendentes de pago a maio de 2011...” , o que debe dicir é “...que a día de hoxe non hai facturas correspondentes a 2010 pendentes de pago...”.
- no punto 9.1 na paxina 12 onde pon: “MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG...” , debe dicir: “MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E DO PSdG-PSOE...”.
- no punto 9.1. na páxina 15:
  - onde di : “...as leis que manexa a xustiza...” debe dicir “...as leis que manexa a inxustiza...”;
  - e deseguido cando se cita “...que o PP propuxo no Pleno do 14 de xullo de 2011 a aportación de 1 € para o servizo da piscina...” , debe dicir: “...que o PSdG-PSOE propuxo no Pleno do 14 de xullo de 2011 a aportación de 1 € para o servizo da piscina...”.
  - Asemade onde pon “... Maria José Caride o 07 de xuño de 2010 protestou por este tema...” , debe dicir “...a deputada socialista Maria José Caride, en intervención parlamentaria do 7 de xullo, solicitou a paralización desta orde...”

A Secretaria admite as precisións xa que se producen na parte expositiva e enténdese como aclaracións ou correccións de erros.

Vanessa Martínez Durán advirte ademais o erro aritmético na páxina 3 da acta, punto 3º, onde di: “ Dona Hadriana Ordoñez Otero, sendo as 20:00 horas”, xa que logo a sesión xa tivera recorrido.

A Secretaria verifica nas notas da acta en cuestión que figura “20:20 horas”, así que rectificárase indicando esta hora.

Non habendo máis observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada coas rectificacións sinaladas, por unanimidade dos presentes.-

## **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.-**

**2.A)** A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de setembro de 2011 ata o 30 de setembro de 2011, que comprenden os números 1114/2011 ao 1225/2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

**2.B)** A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación:

- Acta Nº 20 Sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

### **3.- DACIÓN DE CONTA DA DESIGNACIÓN DO CONCELLO VOGAL NO CONSELLO DA PROPIEDADE INMOBILIARIA.-**

O Sr. Alcalde da lectura ao escrito que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<A instancia do Ministerio de Economía e Facenda, Delegación de Galicia- A Coruña, Consello Territorial do Catastro de Galicia- A Coruña, polo que se solicitaba que antes do 19 de agosto se comunicase o concello que represente as entidades locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, sometese ao pleno corporativo en sesión do 25 de agosto de 2011, a designación do Concello de Rianxo como concello vogal así como o representante concreto ante dito consello.

Recibida comunicación do Ministerio o día 21 de setembro de 2011, sobor do concello designado vogal, dáse conta da mesma, quedando en consecuencia sen efecto a designación de representante que se tiña efectuado na sesión do 25 de agosto de 2011, tal e como se acordou.>>

O Alcalde conclúe que téndose sometido ao pleno a proposta de designación, era procedente dalle coñecemento de que resultou nomeado concello vogal Dodro. En consecuencia e tal e como se acordara no pleno municipal, queda sen efecto a designación de representante en dita instancia./

### **4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.-**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 17 a 19, e debido ós cambios necesarios derivados da aprobación do Plan de Saneamento vinculado ao Real Decreto- Lei 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos e aprobado polo Pleno da Corporación con data 01/07/2009 e corrixido posteriormente o 30/07/2009, é necesario modificar artigo segundo da **Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.**

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 14/10/2011.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo segundo da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**, que queda redactado integramente como segue:

**"Artigo segundo.**

De conformidade co artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello fixa o coeficiente de incremento, no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, sobre as cotas orixinais establecidas no citado artigo 95.1 do mesmo texto legal, nos seguintes termos:

	Cota.	Coef.	Tarifa.
TURISMO MENOS 8 HP	12,62	1,37	17,29
TURISMO DE 8 A 11,99 HP	34,08	1,37	46,69
TURISMO DE 12 A 15,99 HP	71,94	1,37	98,56
TURISMO DE 16 A 19,99 HP	89,61	1,47	131,73
TURISMO DE 20 HP EN ADIANTE	112,00	1,47	164,64
AUTOBUS MENOS 21 PLAZAS	83,30	1,37	114,12
AUTOBUS DE 21 A 50 PLAZAS	118,64	1,37	162,54
AUTOBUS MAIS DE 50 PLAZAS	148,30	1,37	203,17
CAMION MENOS DE 1.000 KG	42,28	1,37	57,92
CAMION DE 1.000 A 2.999 KG	83,30	1,37	114,12
CAMION DE 2.999 A 9.999 KG	118,64	1,37	162,54
CAMION MAIS DE 9.999 KG	148,30	1,37	203,17
TRACTOR MENOS 16 HP	17,67	1,37	24,21
TRACTOR DE 16 A 25 HP	27,77	1,37	38,04
TRACTOR MAIS DE 25 HP	83,30	1,37	114,12
REMOLQUE MENOS 1.000 KG	17,67	1,37	24,21
REMOLQUE DE 1.000 A 2.999 KG	27,77	1,37	38,04
REMOLQUE MAIS DE 2.999 KG	83,30	1,37	114,12
CILOMOTOR	4,42	1,37	6,06
MOTOCICLETA ATA 125CC	4,42	1,37	6,06
MOTOCICLETA DE 125 A 250CC	7,57	1,37	10,37
MOTOCICLETA DE 250 A 500CC	15,15	1,37	20,76
MOTOCICLETA DE 500 A 1.000 CC	30,29	1,47	44,53
MOTOCICLETA MAIS DE 1.000 CC	60,58	1,47	89,05

1- A presente modificación do artigo segundo da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica** foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2011.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2012."

Segundo.- Expoñer ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 19/10/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos decidindo tratalas todas xuntas se ben logo cada proposta será votada por separado para cada punto da orde do día.

**DEBATE:**

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que o que se trae é a actualización das ordenanzas fiscais coa responsabilidade que conleva a obriga de garantir a prestación dos servizos e optar, non tanto por un incremento senón por unha regularización das existentes. Das 9 ordenanzas que se someten a modificación soamente unha afecta a un imposto ( o IVTM) e o resto son taxas, así que, nin se ve incrementado o imposto de construcións, instalacións e obras, o imposto de bens inmobles nin o imposto

de actividades económicas e tampouco o imposto da plusvalía, que se manterán como estaban, e o mesmo acontece coas 19 ordenanzas fiscais do resto das taxas por servizos municipais, que tampouco se tocan ( isto inclúe a taxa do servizo de axuda no fogar, servizos deportivos, escola infantil, mercado, ocupación de solo, subsolo e voo, apertura de establecementos...).

Continúa expoñendo que o incremento aplicable ben sendo do 3% conforme á suba do IPC e detalla a media cuantificada en euros para varios dos diferentes servizos.

Remata dicindo que esto supón para unha familia media a suba en 0,77€/ mes no total das taxas. Vista a situación de crise optouse por manter os servizos en vez de recortalos, a diferenza do que fan outros gobernos como o autonómico que incluso chegan a prestar menos servizos con mais custo, e ata o fan respecto dos servizos de carácter social.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, comeza a súa intervención puntualizando na participación do voceiro do PSOE que quizais quixo dicir “gobierno estatal” no canto de “gobierno autonómico”. Di que trátanse de mais subas xunto coa xa acordada do servizo da piscina municipal. Afirmar que isto non é unha simple regularización das taxas como noutros concellos onde as subas responden a unha regularización real onde os veciños pasan a ter mais servizos, depuradoras, etc...As que modificacións das ordenanzas fiscais que se traen responden unicamente a un afán recadatorio, e por ilo os membros do PP van votar en contra.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, á vista das propostas que se presentan pensa que se fai bastante para o que se cobra, e rexeita que a voceira do PP diga que noutras administracións se faga outra cousa, pero claro, di que cada un o ve a súa maneira.

En réplica, o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que cando dixo o goberno autonómico quixo dicir o da Comunidade Autónoma de Galicia gobernada polo PP. Di que Feijoo é un “ Atila” desmantelando os servizos sociais, dando ao traste con todos os servizos que se fixeron nos últimos anos. Pódese falar realmente de que o PP está facendo recortes en areas como a educación, a sanidade,... reducindo profesorado, facultativos, ofrecendo así peores servizos e dando lugar a mais paro. O goberno autonómico vota abaixo normas anteriores para equilibrar ingresos e gastos, e tal e como está o tema do paro a consellería adopta varias medidas de recortes, entre as que enumera: incentivos á contratación por conta allea, incentivos ao emprego en tecnoloxía, a iniciativas de emprego, iniciativas relacionadas coa promoción laboral, persoas con discapacidade... A isto súmase o cobro de 10€ pola tarxeta sanitaria cando é unha tarxeta que en principio non caduca; deixan subvencións para 2012 por un gran importe de millóns de euros. E recalca que está falando da Comunidade Autónoma de Galicia. O que o Concello de Rianxo presenta agora é un mínimo incremento conforme á suba do índice de prezos ao consumo, e non se fan recortes dos servizos.

A voceira do grupo municipal do PP, Vanesa Martínez Durán, expresa que lle causa leducia que vexa a Feijoo como un home de goberno porque o que hai no Estado é propiamente un “desgobierno”. Dille que lle vai poñer un exemplo municipal real para que o vexa, xa que logo, o voceiro do PSOE fala como si estivera no Parlamento galego. Di a voceira que unha familia supennumerosa de oito membros so reciben axuda para un pequeno estando todos eles en idade escolar. Non sabe con qué baremo estanse a dar as axudas, porque logo vense cousas como na conta xeral onde se lles da 400€ a outra xente, sen saber moi ben con qué xustificación.

Respóstalle o voceiro do PSdeG-PSOE que non sabe a que caso se refire, pero todas as solicitudes teñen os correspondentes informes da asistente social. Apunta que nestes días

chegou ao concello unha rebaixa do 60% do importe do Plan concertado que, por suposto, vai afectar ás familias. E o Concello de Rianxo ten que falar da Xunta de Galicia xa que lle repercute no funcionamento e servizos do concello. Sabe que ese tipo de familias son unhas doce, o pode especificar a concelleira da área. E non se vai pasar por esta redución no Plan concertado, o que acontece a mais concellos.

A voceira do PP di que menos mal que o aclara...

A voceira do grupo municipal do BNG comenta non coñecer o caso que a voceira do PP indicou, pero sí pode ser que por causa dos recortes sociais vexanse afectadas mais familias, por exemplo, nas axudas dos libros de texto polo feito de que o pequeno sexa repetidor non a obtería. A Xunta de Galicia está recortando cando menos en servizos sociais de un 20-30% nas próximas axudas a domicilio. Aténdese a todas as persoas que se pode cun baremo moi aberto e se está facendo o posible para dar as coberturas que dende a Xunta de Galicia se quitaron.

A voceira do grupo municipal do PP expón como estamos no suposto da “pescadilla que se morde a cola”. O Estado central recorta á Xunta de Galicia e esta aos concellos. Ademais dille que o caso da familia que comentou, casualmente o neno que levou as axudas era o repetidor.

A voceira do grupo municipal do BNG, di que dende o concello non se dixo a ninguén que non, e as axudas dos libros deste ano non están aínda outorgadas. E é certo que a un dos fillos da familia que a voceira do PP comenta se lle deu a axuda.

A voceira do grupo municipal do PP di que cómo pode saber se a un dos fillos se lle deron as axudas se aínda non sacaron as becas.

O Alcalde intervén para lembrar ao pleno aquel programa de libros en depósito que se anulou. A situación é dramática e quizais deberíase subir algunha taxa mais, e se se soubese o do Plan concertado antes da convocatoria deste pleno posiblemente traeríanse mais subas, e suplir e apretarse o cinturón. As cantidades do RISGA neste concello son ridículas, unha ou dúas, supón que pasa tamén noutros concellos. Así os casos de familias numerosas deberían estar cubertas, no entanto danse estes casos, a cousa é así.

Para rematar considera que as posicións están claras, o asunto debatido. Hoxe na prensa sae que oito alcaldes do PP subiron os tributos, o outro día tamén o de Dodro. Hai que capear o temporal e atender aos veciños, é difícil e non gusta negar unha axuda a domicilio.

A voceira do grupo municipal do PP propón que o PP renunciará ás dietas das sesións se o goberno local renuncia ás axudas de custo e aos soldos.

O Alcalde dille que estaría ben esa proposta se o Alcalde de Ribeira renunciara tamén ao soldo seu.

A voceira do grupo municipal do PP insiste e dille que o está formulando para este concello.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e cero abstencións, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

## **5.- APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.-**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos e a revisión imposta polo contrato de concesión do servizo de subministro de auga potable a domicilio e saneamento.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 14/10/2011.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa de abastecemento de auga potable a domicilio, no seu artigo 5º.- Cota tributaria, que queda coa a seguinte redacción:

### **"Artigo 5º.- cota tributaria**

A) Uso doméstico: mínimo 30 m<sup>3</sup>/ trimestre, a razón de 0,2726 euros/m<sup>3</sup>, os excesos a 0,3670 euros/m<sup>3</sup>.

As tarifas son sen IVE incluído

B) Usos industriais: consumo mínimo 60 m<sup>3</sup>/ trimestre, a razón de 0,3670 euros/m<sup>3</sup>, os excesos, a razón de 0,4404 euros/m<sup>3</sup>.

As tarifas son sen IVE incluído

C) Taxas enganche:

Vivendas: 86,17 euros.

Industrias: 201,05 euros.

Hoteis e similares: 201,05 euros.

Obras: 201,05 euros.

D) Taxas de conservación de contadores

Diámetro 13-20 mm ----- 0,82€/ab.trimestre

Diámetro 25-30 mm ----- 2,17 €/ab.trimestre

Diámetro 40-50 mm ----- 6,18 €/ab.trimestre

E) Taxa de conservación de acometidas

Cantidade por usuario ----- 0,84 €/ab.trimestre

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2011.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2012."

**Segundo.-** Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario

**Terceiro.-** Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 19/10/2011, sendo este **favorable**.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

### **DEBATE:**

( Trátáronse en conxunto todas as modificacións das ordenanzas fiscais, nos termos que figuran no punto 4º da orde do día)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e cero abstencións, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

## **6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS.-**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos e a revisión imposta polo contrato de concesión do servizo de subministro de auga potable a domicilio e saneamento.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 14/10/2010.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa de saneamento de augas residuais, no seu artigo 5º.- Cota tributaria, que queda coa a seguinte redacción:

### **"Artigo 5º.- cota tributaria**

A) Uso doméstico: 14,04 euros/ trimestre.

B) Usos comerciais: 28,23 euros/ trimestre.

C) Usos industriais: 37,46 euros/ trimestre.

D) Taxas de enganche:

Vivendas -----143,60 euros

Industrias ----- 236,95 euros

Hoteles e similares ----- 359,02 euros

E) As cantidades a esixir con ocasión da práctica das análises esixidas pólo Regulamento Municipal de Verquidos, deberán de axustarse as seguintes contías:

PH	5,37 €
Conductividade:	5,37 €
Sólidos en suspensión totais	16,29 €
D.B.Q.5:	34,03 €
D.Q.O.	27,37 €
Fósforo	15,07 €
Nitróxeno amoniacal	12,71 €
Sulfuro:	18,81 €
Aceites e graxas:	64,56 €
Recollida e envío mostra o laboratorio:	94,18 €

As tarifas son sen IVE engadido

F) As cantidades a esixir con ocasión das actuacións de comprobación, inspección e emisión de informes ós que se refire o Regulamento Municipal de Verquidos, deberán de axustarse ás seguintes contías:

Por inspección	182,56 €
----------------	----------

As tarifas son sen IVE engadido

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2011.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2012"



**Segundo.-** Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

**Terceiro.-** Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 19/10/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

### DEBATE:

( Tratáronse en conxunto todas as modificacións das ordenanzas fiscais, nos termos que figuran no punto 4º da orde do día)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e cero abstencións, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

## **7.- APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO.-**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 14/10/2011.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo servizo de recollida do lixo, no seu artigo 6º.- **Tarifas**, que queda coa a seguinte redacción:

#### **"Artigo 6º. Tarifas**

Importe cuatrimestral

<input type="checkbox"/>	Servizo Diario	Servizo Alterno
<b>1.- Vivendas:</b>		
VIVENDAS	32,57	26,67
<b>2.- Alimentación:</b>		
SUPERMERCADOS		
Ata 150m2	65,90	45,92
Máis de 150 ata 250 m2	99,22	68,11
(>250m2)	137,66	94,47
COOPERATIVAS	65,90	45,92
ECONOMATOS	65,90	45,92
ULTRAMARINOS	65,90	45,92

CARNICERÍAS	65,90	45,92
PANADERÍAS	65,90	45,92
PASTELERÍAS	65,90	45,92
FROITERÍAS:		
Ata 100 m2	65,90	45,92
(>100m2)	96,88	66,77
CHURRERÍAS, FRITURAS	65,90	45,92
PEIXERÍAS	65,90	45,92
CONXELADOS	65,90	45,92
XELADERÍAS, LAMBETADAS	65,90	45,92
<b>3.- Calzados, tecidos, mercerías e confección:</b>		
COMERCIOS DE CALZADO	65,90	45,92
COMERCIOS DE TECIDOS	65,90	45,92
COMERCIOS DE CONFECCIÓN	65,90	45,92
TENDAS DE DEPORTE	65,90	45,92
MERCERÍAS	65,90	45,92
<b>4.- Droguerías, ferraxerías, electrodomésticos, cristais, pinturas:</b>		
TAPICERÍAS, DECORACIÓN	65,90	45,92
DROGUERÍAS	65,90	45,92
ARTIGOS DE REGALO, XOGUETES	65,90	45,92
ARTIGOS DE BRICOLAXE E MANUALIDADES	65,90	45,92
FERRAXERÍAS	65,90	45,92
ELECTRODOMÉSTICOS: (> 150m2)	96,88	66,77
(< 150m2)	65,90	45,92
CRISTALARÍAS	65,90	45,92
COMERCIO DE PINTURAS	65,90	45,92
<b>5.- Papelerías, imprentas, estancos, loterías, fotografía, mobles de oficina, xoierías e florerías:</b>		
ESTANCOS	65,90	45,92
LOTERÍAS	65,90	45,92
FOTOGRAFÍA	65,90	45,92
LIBRERÍAS	65,90	45,92
PAPELERÍA	65,90	45,92
IMPRENTAS	96,88	66,77
MOBLES E MAQUINARIA DE OFICINA	65,90	45,92
FLORERÍAS	65,90	45,92
VENDA ANIMAIS DE COMPAÑÍA	65,90	45,92
XOIERÍAS	65,90	45,92
RELOXERÍAS	65,90	45,92
<b>6.- Mobles, funerarias, marmorerías e materiais de construción:</b>		
MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN:		
(polo miúdo)	65,90	45,92
(por xunto)	96,88	66,77
MARMORERÍAS	65,90	45,92
MOBLERÍAS:		
(Ata 500 M2)	80,71	62,2
(> 500M2 e ata 1000 M2)	99,22	68,11
(> 1000M2)	137,66	94,47
POMPAS FÚNEBRES	65,90	45,92
<b>7.- Artesanía, oficios e obradoiros:</b>		
PERRUQUERÍAS	65,90	45,92
XASTRERÍAS	32,57	26,67
TALLERES DE COSTURA	32,57	26,67
CARPINTERÍAS DE MADEIRA E METAL	96,88	66,77
TINTURERÍAS	65,90	45,92
SALÓNS DE BELEZA	65,90	45,92
REPARACIÓN DE CALZADO	32,57	26,67
OBRADOIROS	32,57	26,67
<b>8.- Industria do automóbil, talleres mecánicos, exposición e venda de vehículos, garaxes, etc.</b>		
VENDA E RECAMBIO DE VEHÍCULOS	65,90	45,92
GASOLINEIRAS	137,66	94,47
LAVADO-ENGRAXE VEHÍCULOS	109,10	68,11
TALLERES DE ELECTRICIDADE DO AUTOMÓBIL	109,10	68,11
TALLERES MECÁNICOS	109,10	68,11
ÍDEM CON EXPOSICIÓN E VENDA	109,10	68,11

REPARACIÓN E MANTEMENTO DE BUQUES	109,10	68,11
TALLER MAQUIN.E VEHÍC.AGRIC. E INDUST.	109,10	68,11
EXPOSIC.E VENDA VEHÍC.E MAQUIN.AGRIC. E INDUST.	109,10	68,11
GARAXES DE AUTOMÓBILES INDUSTRIAIS	65,90	45,92
<b>9.- Oficinas, bancos,axencias,farmacias,profesións liberais, centros de ensino e recreativos:</b>		
OFICINAS	65,90	45,92
AXENCIAS: INMOBILIAR.,DE VIAXES,DE SEGUROS, ETC.	65,90	45,92
SOCIED.RECREAT.E ASOCIACIÓNS CON FIN DE LUCRO	65,90	45,92
DESPACHOS E CONSULTAS DE PROFESIÓN LIBERAIS	80,71	62,2
BANCOS E CAIXAS DE AFORRO	137,66	94,47
FARMACIAS	99,22	68,11
ÓPTICAS	65,90	45,92
CLÍNICAS MÉDICAS E DENTAIS	99,22	68,11
CLÍNICAS VETERIANARIAS	65,90	45,92
CENTROS PRIVADOS DE ENSINO, ACADEMIAS	65,90	45,92
GARDERÍAS	65,90	45,92
AUTO-ESCOLAS	65,90	45,92
SALAS DE XOGO:		
(S/máquinas tipo B)	65,90	45,92
(c/máquinas tipo B)	99,22	68,11
VIDEO-CLUBE	65,90	45,92
ESTABLECEMENTOS DE CIBERNÉTICA	65,90	45,92
XIMNASIOS	65,90	45,92
<b>10.- Establecementos de hostalerías, aloxamento, restauración e espectáculos:</b>		
DISCOTECAS	137,66	94,47
SALAS DE FESTA	137,66	94,47
SALAS DE CINE	65,90	45,92
BINGOS	137,66	94,47
BARES E TABERNAS	65,90	45,92
BARES E CAFETERÍAS CATEGORÍA ESPECIAL	80,71	62,2
CLUBES E UISQUERÍAS	137,66	94,47
FONDAS, HOSTAIS, HOSPEDAXE:		
(1 ata 10 habitacións)	80,71	62,20
(de 11 a 20 habitacións)	99,22	68,11
(Máis de 20 habitacións)	137,66	94,47
RESTAURANTES CON VODAS E BANQUETES	137,66	94,47
RESTAURANTES SEN VODAS E BANQUETES:		
(1 garfo)	80,71	62,2
(máis de 1 garfo)	99,22	68,11
HOTEIS	137,66	94,47
ACAMPAMENTOS	80,71	62,20
<b>11.- Almacéns, industrias, fábricas:</b>		
DEPÓSITOS E ALMACÉNS DE BEBIDAS	80,71	62,20
ÍDEM DE ALIMENTACIÓN E FROITAS	80,71	62,20
ÍDEM DE FARIÑA, SEMENTES E PENSO	80,71	62,20
ALMACÉNS DE MADEIRA	80,71	62,20
FABRICA DE ENVASES E DEPÓSITOS	99,22	68,11
FABRICA DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN	99,22	68,11
FABRICA DE GASOSAS, BEBIDAS	99,22	68,11
FABRICA DE PRENDAS DE VESTIR	137,66	94,47
FABRICA DE CONSERVAS	137,66	94,47
FABRICA DE LIXIVIA, XABÓN, DETERXENTES	99,22	68,11
ESTALEIROS E SERRADOIROS	99,22	68,11
GRANXAS INDUSTRIAIS	99,22	68,11
MATADOIROS E FRIGORÍFICOS INDUSTRIAIS	137,66	94,47
<b>12.- Postos praza de abastos:</b>		
POSTOS PRAZA DE ABASTOS	32,57	26,67
<b>13.- Locais non expresamente tarifados:</b>		
LOCAIS NON EXPRESAMENTE TARIFADOS	32,57	26,67

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2011.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2012."

**Segundo.-** Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

**Terceiro.-** Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publica.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 19/10/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

### DEBATE:

( Trátáronse en conxunto todas as modificacións das ordenanzas fiscais, nos termos que figuran no punto 4º da orde do día)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e cero abstencións, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

## **8.- APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO SERVICIO DE GUINDASTRE E RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA.-**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos.  
Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 14/10/2011.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal do servizo de guindastre e retirada de vehículos da vía pública, no seu artigo.-8º **Tarifas**, que queda coa a seguinte redacción:

#### **"Artigo 8º. Tarifas**

1-Retirada e traslado ao depósito por cada vehículo.

- a) Motocicletas, bicicletas, motocarros, automóviles e vehículos análogos de ata 1.100 quilogramos de P.M.A. .... 72€.
- b) Furgonetas, tractores, remolques e vehículos análogos ata 3.500 quilogramos de P.M.A. .... 93 €.
- c) Camións, autobuses e vehículos análogos de máis de 3.500 quilogramos segundo tarifa do guindastre alugado.

Aplicarase un recargo de nocturnidade dun 50% sobre eses importes a tódolos servizos realizados entre as 20.00 e as 8.00 horas.

Aplicarase un recargo de festividade dun 50% sobre eses importes a tódolos servizos realizados os sábados domingos e festivos no Concello de Rianxo.

Si se efectúa a chamada e a grúa non chega ó lugar da retirada antes de que o propietario retire o seu vehículo as cantidades anteriores redúcense un 50% Non obstante si a grúa chega ó lugar da retirada, aínda que non iniciase o engancho, non se aplicará ningún desconto."

2. Depósito de vehículos por día ou fracción:

- a) Motocicletas, bicicletas e motocarros: 0,98 euros.

- b) Automóbiles, furgonetas e vehículos análogos, de ata 1.100 kg De peso: 1,96 euros.
- c) Automóbiles, camiións, tractores, remolques de máis de 1.100 kg de peso: 6,52euros.

3. Por inmovilización de vehículos:

- a) Motocicletas, bicicletas e motocarros: 3,30 euros.
- b) Automóbiles, camiións, tractores, remolques de máis de 1.100 kg de peso: 16,31 euros.
- c) Automóbiles, camiións, tractores, remolques de máis de 1.100 kg de peso: 39,13 euros.

4. Nas tarifas anteriores enténdese incluídos os gastos de aparellos mecánicos, depósito e custodia dos vehículos e persoal municipal necesario

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2011.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2012."

**Segundo.-** Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

**Terceiro.-** Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publica.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 19/10/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

( Trátáronse en conxunto todas as modificacións das ordenanzas fiscais, nos termos que figuran no punto 4º da orde do día)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e cero abstencións, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

### **9.- APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN DE RECREO, SITUADOS EN TERREO DE USO PÚBLICO MUNICIPAL, ASI COMO INDUSTRIAS NA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA.-**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 14 de outubro de 2011.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por Instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.", no seu artigo 5º.- cota tributaria, por aplicación do I.P.C., que queda cóa a seguinte redacción:

**"Artigo 5º.- cota tributaria.**

zona a: 1,98 euros m/día.

Zona b: 1,96 euros m/día.

Zona c: 1,95 euros m/día

Zona d: 1,93 euros m/día.

Para tal efecto determínanse as seguintes zonas:

- A. Inclúe o casco urbano de Rianxo.
- B. Inclúe o casco urbano de Taragoña.
- C. Inclúe o casco urbano de Asados.
- D. Inclúe o resto dos núcleos do municipio.

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2011.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2012."

**Segundo.-** Expoñer o ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar las reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

**Terceiro.-** Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 19/10/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

**DEBATE:**

( Trátáronse en conxunto todas as modificacións das ordenanzas fiscais, nos termos que figuran no punto 4º da orde do día)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e cero abstencións, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

**10.- APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, ASNELOS,...**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 14 de outubro de 2011.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, asnelos, andamios e outras instalacións análogas, no seu artigo 5º, por aplicación do I.P.C., que queda coa a seguinte redacción:

**Artigo 5º.-**

1. Quedará fixada en 0,36 euros/m<sup>2</sup>/día.  
Mínimo a pagar: 1,44 euros/día .
2. Para grúas de construción quedará fixada en 0,72 euros/ m<sup>2</sup>/día  
Mínimo a pagar: 2,16 euros/día .
3. Por ocupación con camións-grúa, camións-bomba, grúas autoelevadoras, etc. aplicarase unha tarifa de 15,45 euros/día ou fracción.

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2011.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2012."

**Segundo.-** Expoñer o ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

**Terceiro.-** Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 19/10/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

**DEBATE:**

( Tratáronse en conxunto todas as modificacións das ordenanzas fiscais, nos termos que figuran no punto 4º da orde do día)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e cero abstencións, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

**11.- APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVA DE APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA D.**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 14 de outubro de 2011.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da **Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reserva de aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase**, no seu artigo 5º.- cota tributaria, por aplicación do I.P.C., que queda cóa a seguinte redacción:

**“Artigo 5º.- cota tributaria.**

A. Garaxes de uso particular de 1 a 3 prazas:

Zona A: 17,40 euros

Zona B: 15,85 "

Zona C: 15,85 "

Zona D: 14,27 "

B. Garaxes de uso particular de 4 a 6 prazas:

Zona A: 19,80euros

Zona B: 18,23 "

Zona C: 18,23 "

Zona D: 15,85 "

C. Garaxes de uso particular de 7 a 20 prazas:

Zona A: 23,76 euros

Zona B: 21,39 "

Zona C: 21,39 "

Zona D: 18,23 "

D. Garaxes de uso particular de 21 prazas ou máis:

Zona A: 27,73 euros

Zona B: 23,76 "

Zona C: 23,76 "

Zona D: 21,39 "

E. Garaxes, industrias, talleres e similares:

Zona A: 26,95 euros

Zona B: 24,58 "

Zona C: 24,58 "

Zona D: 23,36 "

F. Reservas para carga e descarga ata un máximo de catro horas día en día laboral:

Zona A: 21,39 euros

Zona B: 19,80 "

Zona C: 19,80 "

Zona D: 18,23 "

Para tal efecto determínanse as seguintes zonas:

- A. Inclúe o núcleo urbano de Rianxo.
- B. Inclúe o núcleo urbano de Taragoña.
- C. Inclúe o núcleo urbano de Asados.
- D. Inclúe o resto do municipio.

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2011.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2012".

**Segundo.-** Expoñer o ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.



**Terceiro.-** Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 19/10/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

( Tratáronse en conxunto todas as modificacións das ordenanzas fiscais, nos termos que figuran no punto 4º da orde do día)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e cero abstencións, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

### **12.- APROBACIÓN SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS...**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<< Tal e como se preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin de evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos.  
Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 14 de outubro de 2011.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

- o **Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunales, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, no seu artigo.- 5 º.- Cota tributaria, por aplicación do I.P.C., que queda coa a seguinte redacción:

#### **"Artigo 5º.- Cota tributaria**

##### a) Mesas e cadeiras

A: Inclúe o núcleo urbano de Rianxo: 12,28 euros m <sup>2</sup> /temporada anual de tres meses
B: Inclúe o núcleo urbano de Taragoña: 11,22 euros m <sup>2</sup> /temporada anual de tres meses
C: Inclúe o núcleo urbano de Asados: 10,52 euros m <sup>2</sup> /temporada anual de tres meses
D: Inclúe o resto do municipio: 9,82 euros m <sup>2</sup> /temporada anual de tres meses

As taxas que se especifican **no cadro anterior**, serán as que se establezan para servizos de retribución periódica.

1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2011.

2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de xaneiro de 2012".

**Segundo.-** Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

**Terceiro.-** Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 19/10/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

( Trátáronse en conxunto todas as modificacións das ordenanzas fiscais, nos termos que figuran no punto 4º da orde do día)

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e cero abstencións, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

### **13.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<< En consonancia co establecido pola Lei 8/1997, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, que a desenvolve.

Entendendo como necesaria a expedición de ditas tarxetas para facilitar o uso do transporte privado ás persoas con discapacidade, e deste xeito facilitar a súa integración na sociedade.

Sendo preciso contar cunha Ordenanza reguladora da expedición das tarxetas que a normativa antes mencionada prevé, a cuxo efecto ditouse providencia solicitando informe sobre o procedemento e elaborouse un texto xunto co modelo de solicitude.

Incorporado o día 07/10/2011 informe sobre os trámites procedimentais de Secretaria, e o informe da traballadora social municipal Rosa Mª Rey Romay do día 14/10/2011

Tendo en conta que conforme ó artigo 22.2. d) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, a aprobación de Ordenanzas é unha competencia indelegable do Pleno da Corporación, bastando maioría simple, propoño a este órgano a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora para a expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade, cuxo texto se achega con esta proposta.

Segundo: Expoñer ao público dita disposición mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias polos interesados.

Terceiro: De haber alegacións, resolveranse en nova sesión do pleno corporativo. No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85. Posteriormente publicárase o texto completo no BOP, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DA EXPEDICIÓN DAS TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Artigo 1.- Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación a nivel municipal da expedición da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade prevista no artigo 27 da Lei 8/97, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de

Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e nos artigos 50 e 52 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba respectivamente o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei antes citada, co fin de favorecer o uso dos transportes privados por persoas con graves problemas de mobilidade e para que o seu titular poida gozar de facilidades de estacionamento.

#### Artigo 2.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios da tarxeta de estacionamento con carácter persoal e intransferible, aquelas persoas con discapacidade que teñan recoñecida a imposibilidade de uso do transporte público polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), dependentes das seccións de cualificación e valoración de discapacidades da Consellería ou órgano autonómico competente.

#### Artigo 3.- Solicitudes

A solicitude formularase segundo o modelo oficial anexo, achegándose ao rexistro municipal coa seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I., NIE ou pasaporte do solicitante ou representante legal.
- Certificado de discapacidade.
- Unha fotografía tamaño Carnet.
- Certificado de empadramento.

#### Artigo 4.- Dereitos derivados das tarxetas

4.1. A titularidade da tarxeta de estacionamento dá dereito a:

- Reservas con carácter permanente de prazas de aparcamento.
- Autorización para que os vehículos ocupados por ditas persoas poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peonil.

4.2. Cando se faga uso dos dereitos que confire esta tarxeta, esta colocarse na parte interior do parabrisas dianteiro de forma que resulte claramente visible dende o exterior.

#### Artigo 5.- Modalidades da tarxeta de estacionamento

5.1. Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa física, poderá utilizala en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade, e sexa o titular da tarxeta o conductor do vehículo ou non.

5.2. Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica deberá incluír a matrícula ou matrículas dos vehículos habilitados para transportar ás persoas con graves problemas de mobilidade.

#### Artigo 6.- Expedición das tarxetas

6.1. O expediente iníciase a instancia da persoa interesada.

6.2. O Concello de Rianxo resolvera sobre a dita solicitude en atención a acreditación de mobilidade do Equipo de Valoración e Orientación (EVO) da Consellería ou órgano autonómico competente que se achegue pola persoa interesada. De non constar especificado ese aspecto, solicitarase ao mencionado órgano autonómico un informe ao respecto, que será vinculante para a resolución do procedemento.

Será competente para a súa concesión ou denegación a Alcaldía do Concello de Rianxo, sendo delegable dita atribución.

6.3. O modelo de tarxeta axustarase as características sinaladas no anexo III do Regulamento, que se establece no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, da Consellería ou órgano autonómico competente.

6.4. En caso de cambio de domicilio do beneficiario deberá solicitar o traslado do expediente ao novo municipio de residencia.

6.5. En caso de que a cualificación da discapacidade sexa permanente, a tarxeta caducará aos dez anos da concesión, e en caso de que a cualificación da discapacidade sexa provisional, caducará cando remate o prazo que esta indique.

6.6. Para a renovación seguirase idéntico procedemento que para a concesión inicial.

#### Artigo 7.- Réxime sancionador

No suposto de que se detecte o uso indebido da tarxeta de estacionamento de maneira reiterada e debidamente probada, a citada tarxeta será retirada durante un prazo de dous anos, debendo o interesado volver iniciar o procedemento para a súa nova expedición.

#### Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se publique integramente no B.O.P, e transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85, sendo de aplicación a partir dese día ata a súa derogación ou modificación expresa.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 21/10/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, comenta a necesidade de aprobar a proposta.

A voceira do grupo municipal PP, Dona Mª Vanesa Martínez Durán, simplemente di que se van a abster.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que é un paso mais no concello para as persoas discapacitadas. Axúntase relación das prazas dispoñibles para tal fin no concello e que poden ser obxecto de uso.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 abstencións (os 6 do P.P.), e cero votos en contra, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

### **14.- NOMEAR REPRESENTANTE NO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA DA RÍA DE AROUSA.-**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Na sesión plenaria de data 30 de xuño de 2011 e 14 de xullo de 2011 acordouse nomear representantes da corporación en órganos colexiados que procedían.

Comprobado que resta nomear representante no Grupo de Acción Costeira da Ría de Arousa.

Tendo en conta que está designado como concelleiro delegado na materia José Carlos Gey Hermo por Resolución nº 914/2011, da que se deu conta na sesión plenaria do 30/06/2011.

Consonte ao disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados dos organismos ou entidades que proceda legalmente ou dos que forme parte.-

Xa que logo, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Nomear como representante municipal no Grupo de Acción Costeira da Ría de Arousa ao Alcalde, Adolfo F. Muíños Sánchez e como substituto a José Carlos Gey Hermo.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo ao devandito organismo.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 27/10/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

## DEBATE:

A voceira do grupo municipal PP, Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Durán, simplemente di que se van a abster porque os nomes dos representantes non están consensuados, e por ilo non se van a pronunciar.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, manifesta que a van a apoiar.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, considera que estar presente no GAC é importante para a vila de Rianxo en todo o relacionado co mar, e que él, como concelleiro delegado da área do Mar, ve a proposta axeitada.

O Alcalde engade que non se especifica quen é o representante, mais o representante legal do concello é o Alcalde. Aquí soamente hai un membro e por ilo non fan outra proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 abstencións (os 6 do P.P.), e cero votos en contra, dos 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

## **15.- MOCIONS DE URXENCIA.-**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4<sup>o</sup> do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, a **Presidencia pregunta se hai mocións.**

Unha vez sexa mencionada a moción polo grupo propoñente, someterase previamente a declaración de urxencia, e de acadar a mesma por maioría absoluta do número legal de membros que conforman a corporación, procederase ao debate e posterior acordo.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Durán solicita intervir previamente para expoñer o sucedido. Di que onte saíron do traballo para ir ver os asuntos do pleno e soamente había unha moción, e hoxe, ao ver os asuntos dunha comisión informativa ven que hai dúas mocións mais, unha incluso datada do 19/10/2011 pero rexistrada onte. Polo exposto lémbrale ao actual Alcalde que respecte o acordo a que se chegara de que os grupos políticos poideran ver con tempo as mocións. Pregúntalle se quere romper o acordo, que si é así parécelle unha falta de respecto polo que de tratar as dúas últimas mocións os membros do grupo municipal do PP sairán do salón de plenos mentres se debaten e votan. Certo é que se poden presentar no momento mesmo do pleno pero adoptárase ese acordo, e así consta na acta daquel pleno.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que a do 19/10/2011 a presentou por rexistro o luns.

A voceira do grupo municipal do PP di que non lle cadran os números de rexistro.

O Alcalde di que non lembra o artigo que impide presentar as mocións no pleno, e di que si o asunto urxe calquera grupo pode presentala. Engade que ademais, desenvolvendo a oposición sempre o BNG apoiou as mocións quen fora que as trouxera. En consecuencia di que dito iso non observa problema ningún en tratar todas as mocións.

A voceira do PP dille ao Alcalde que poderá tratalas pero vanse do pleno e xa está.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que si o PP non ve a urxencia e presentación en prazo sométese ao pleno a primeira moción e o resto deixanse para o próximo pleno.

A voceira do PP di que non fala de prazos senón de ética. Pregúntalle á Secretaria se poden ausentarse da sesión plenaria neses puntos.

Concedido permiso pola Alcaldía a Secretaria di que efectivamente poden ausentarse en calquera momento do pleno, pero de estar fora da sesión antes da votación non poden voltar ata que esta remate, computándose as ditas ausencias como abstencións.

A concelleira do PP, M<sup>a</sup> Nieves Vicente Varela quere aclarar que non se discute o calado da moción, que por suposto para os que a presentan será urxente, pero os demais membros do pleno precisan tempo para preparala, estudala e elaborar unha réplica.

O Alcalde remata dicindo que xa teñen escenificado que se van a ausentar do Pleno e, pola súa banda, o goberno estima conveniente e urxente tratar as outras dúas mocións, así que comezase pola primeira que figuraba no expediente, e seguirase coas outras.

## **15.1.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G E PsdeG-PSOE RELATIVA AO APOIO AOS SECTORES PESQUEIRO E MARISQUEIRO NAS SÚAS PROTESTAS EN CONTRA O PRUX DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA ( RXE nº 6481, do 20/10/2011)**

### **A) URXENCIA DA MOCIÓN:**

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, comenta a moción que figura no expediente someramente.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade dos membros presentes**, 15 dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

### **B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.**

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, da lectura da moción:

#### **<<APOIO AOS SECTORES PESQUEIRO E MARISQUEIRO NAS SÚAS PROTESTAS EN CONTRA O PRUX DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA**

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, que comprende os arquipélagos das *Illas Cíes; Ons e Onza; Sálvora e Illotes do seu contorno; Cortegada, Malveiras e outras illas próximas*, foi declarado como tal o día 2 de xullo de 2002, a través da Lei 15/2002 (*modificada polo artigo 121 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social*), que establece no seu artigo 9 que o instrumento para a planificación da xestión do parque é o Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX).

O PRUX ten como finalidade fundamental establecer os criterios de xestión e definir as actuacións neste espazo protexido, decretando un réxime de usos de acordo cunha zonificación (áreas de "Reserva", "Uso Restringido", "Uso Moderado", "Especial" e de "Asentamentos Tradicionais") e fixando as previsións sobre as actividades agrarias, de pesca e marisqueo, así como as relativas á carga máxima diaria de visitantes.

A Lei 5/2007, do 3 de abril, da rede de parques nacionais, atribúe ás comunidades autónomas a xestión e organización dos parques nacionais. Galicia asume a administración e xestión ordinaria e habitual do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e correspóndelle a aprobación e execución do seu Plan Reitor de Uso e Xestión.

Durante os últimos anos trasladáronse ao sector diferentes propostas do borrador do PRUX para o seu coñecemento e debate. As confrarías de pescadores, desde o principio, pronunciáronse en contra das restricións da pesca profesional plantexadas pola Dirección do Parque Nacional (Zonas de reserva e de uso restrinxido), xustificando e defendendo sempre que a actividade pesqueira e marisqueira que se vén desenvolvendo no contorno das Illas Atlánticas é de carácter artesanal e tradicional e, polo tanto, respectuosa coa conservación e a sostibilidade dos recursos mariños, cumpríndose así co establecido no artigo 4º. da Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PN).

Para as confrarías de pescadores, os usos autorizados nas augas do Parque Nacional, que son previos á catalogación deste, débense xestionar e organizar dentro do plan sectorial de xestión do PN. Mais, en ningún caso se pode pretender limitar ou eliminar a pesca e o marisqueo nesta área, pois trátase dunha actividade que historicamente propiciou o mantemento do actual estado de conservación do medio, e o que é mais importante, determinou a forma de vida e a subsistencia da maioría das comunidades pesqueiras do litoral das Rías Baixas de Galicia, cunha importante incidencia socioeconómica nestas.

A figura de conservación dun PN debe velar pola salvagarda dos valores naturais dunha área concreta, pero tamén polo mantemento e protección das actividades que, de xeito tradicional e sostible, se levan a cabo nese contexto xeográfico.

Atendendo a este espírito de respecto polo medio e pola conservación das actividades tradicionais, as confrarías de pescadores consideran que a actual proposta de regulación dos usos e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é de todo prexudicial, e atenta contra os intereses dos profesionais do mar, en canto non fundamenta con datos científicos a repercusión da pesca artesanal sobre o estado do recursos, nin tampouco contempla unha avaliación dos seu impacto socioeconómico no sector pesqueiro profesional.

Para o sector pesqueiro artesanal e marisqueiro, é imposible asumir a proposta do Parque Nacional das Illas Atlánticas, a respecto das limitacións de actividade nas zonas de reserva e de uso restrinxido recollidas no borrador do PRUX, pois significaría abocar a gran parte do sector pesqueiro profesional á súa desaparición, ademais de provocar un enorme incremento do esforzo pesqueiro noutras zonas do litoral e do interior das rías.

Daquela, o sector propón a elaboración dun PRUX que respecte os intereses da pesca artesanal de carácter profesional considerando que os profesionais do mar son os máis interesados en velar pola sostibilidade dos recursos do Parque Nacional, ao tratarse do seu medio de vida e, polo tanto, dos que depende a subsistencia de miles de familias.

En definitiva, esíxese a anulación do borrador do PRUX en todo o seu contido, tendo en conta que a "conservación dos recursos naturais" que se persegue, quedaría de todo garantida mediante a aplicación exhaustiva e tallante do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, de artes e aparellos, como normativa que regula a actividade pesqueira e marisqueira profesional (características, número autorizado e balizamento das artes e aparellos de pesca permitidos, as vedas das especies, os horarios de traballo, etc.) e a que conta na meirande parte do seu contido coa aprobación e co consenso dos sectores produtivos da pesca e do marisqueo galegos.

Pola súa banda, o Concello como institución e a Corporación Municipal que hoxe ostenta a representación de todos os cidadáns, deben ter en conta a postura adoptada por decisión unánime dun sector estratéxico e de gran importancia socio-económica no Concello de Rianxo, respaldando cantas medidas de protesta se fagan en contra dun regulamento que, de seguro, repercutirá negativamente nos intereses de moitas familias que dependen dos recursos mariños do Parque Nacional Marítimo-terrestre das Illas Atlánticas.

Por todo o anteriormente exposto, o alcalde e/ou o/os Grupo/s Municipal/ís do Concello de Rianxo propón/propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. O Concello de Rianxo apoia aos sectores pequeiro e marisqueiro, e súmase nas súas reivindicacións en contra do PRUX das Illas Atlánticas de Galicia.
2. Coa intención de acadar o maior número de adhesións ás protestas do sector pesqueiro e marisqueiro, o Concello de Rianxo dará traslado deste acordo á cidadanía en xeral para que amose o seu apoio.
3. Asemade, presentará este acordo perante os organismos e institucións competentes, para que teñan en consideración as demandas do sector e accedan a paralizar o PRUX ata que exista un consenso total coas entidades representativas do sector pesqueiro profesional.
4. O Concello de Rianxo levará a cabo a máxima difusión posible deste acordo, co obxecto de dalo a coñecer ante a opinión pública.

En Rianxo, a 20 de outubro de 2011.>>

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Durán di que o PRUX é un instrumento de planificación necesaria que a Xunta de Galicia ten obriga por lei de poñer en marcha. É un documento que está en fase de participación pública e polo tanto aberto a aportacións, mais non é admisible a súa paralización. As confrarías teñen os seus intereses e o PRUX ten que facer compatible a pesca tradicional coa conservación de recursos naturais. Por ilo cómpre solicitar á Xunta de Galicia que continúe cos contactos co fin de chegar a acordos que eviten as interaccións nos ecosistemas e compatibilizar as actividades de pesca tradicional sen prexuízo para os pescadores. Así que, se na moción se retira no punto 3º onde se di que se paralice o PRUX, apoiaran o documento.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que entón que se adhiran.

A voceira do grupo municipal do PP insiste en que soamente se se retira o de “paralización”.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di estar ledo porque o PP abre o canle para participar e facer aportacións. Mais o PSdeG quere manifestar que non están de acordo co PRUX xa que expulsa as artes tradicionais, sendo así difícil de acadar o equilibrio no ecosistema. Agrádalle que o PP tome a mensaxe da Federación de Confrarías. De non ser así será un problema para Rianxo e para o interior das rías, cun futuro problemático, polo que van defender a moción.

A voceira do grupo municipal do PP replica ao voceiro do PSdeG parece que a ten emprendida para empeorar as cousas.

Continúa mencionando a lei 15/2002 que declara o Parque nacional e cuxos obxectivos son: a) protexer a integridades dos ecosistemas ligados ás zonas costeiras e á plataforma continental. b) Promover as actividades tradicionais compatibles coa protección do medio. Engade que o artigo 4º di. “ que se prohiben todos aqueles usos e actividades que alteren e poñan en perigo a estabilidade dos ecosistemas”. Non obstante “ se exceptúa da prohibición á pesca artesanal de carácter profesional, sempre supeditada á conservación dos recursos naturais.” E lóxico, e así debe terse en conta, que as actividades nun Parque Nacional, non poden prexudicar a conservación dos valores naturais polos cales o espazo foi protexido.

Di que o PRUX o que pretende é regular os usos e aproveitamentos, ese é o obxectivo establecido pola lei, o que implica regular a pesca e o marisqueo en augas do Parque entre os demais usos e aproveitamentos pero non é un plan de aproveitamento destes recursos. As regulacións que establece o PRUX nesta actividade pódense resumir así:

- en canto ao marisqueo, non se restrinxe o marisqueo a flote con vara, nin o marisqueo de recursos específicos ( nin a extracción de percebe, nin a navalla, nin o ourizo). Tampouco se restrinxe a recollida da mexilla. No marisqueo unicamente débese cumprir coa lexislación pesqueira, entendéndose que se cumpre co principio de asegurar a conservación e recuperación dos habitats e as especies porque esta actividade tradicional de marisqueo é compatible coa protección do medio natural. Polo tanto, queda claro que no marisqueo a flote non existe limitación ningunha en ningunha zona mariña do parque.
- No tocante ao marisqueo con rastros remolcados, na zona de uso restrinxido non se permite a menos de 15 metros de profundidade que é o que se determina na lexislación pesqueira ( Decreto 15/2011).

Na zona de uso restrinxido chamada zona de protección costeira de 100 m arredor das illas ou 5 m de profundidade, o PRUX prohibe o uso de enmalles e cerco. Na práctica implica



unicamente limitación ao trasmallo xa que o cerco non admite posibilidade física de alargalo nese espazo.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, lee un escrito emitido pola Federación provincial de confrarías, do que conclúe que todo é prexudicial e atenta contra os intereses dos profesionais do mar, levándoos á súa desaparición.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e por unanimidade dos membros presentes, 15 dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta coa emenda efectuada no apartado 3º de xeito que onde di: “ acceda á paralización do PRUX”, porá: “ acceda á modificar o PXOUX”.

-----  
**Abandonan o salón de plenos os 6 membros do grupo municipal do P.P.** xustificándose en que as dúas mocións rexistradas os días 26 e 27 de outubro de 2011 se achegaron ao expediente plenario sen tempo para que os grupos podan estudar o asunto e preparar a réplica.

-----  
**15.2.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G E PsdeG-PSOE RELATIVA Á MELLORA DA ESTRADA EP-8001 ENTRE CATOIRA E O ENLACE AP-9 ( RXE nº 6675, do 27/10/2011)**

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, comenta a moción que figura no expediente someramente.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade dos membros presentes, isto é 9 concelleiros** ( 5 do BNG e 4 do PSOE) ao ausentarse os 6 do PP, dos 17 que legalmente o conforman, polo tanto, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, da lectura da moción:

<<Adelina Ces Quintáns e Carlos Gey Hermo, en nome e representación dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, presentan a seguinte moción **pola MELLORA DA ESTRADA EP-8001 entre CATOIRA e o ENLACE AP-9.**

**EXPLICACIÓN DE MOTIVOS**

Diferentes accidentes de tráfico se producen de cotío neste tramo da estrada dependente da Deputación de Pontevedra que conecta o Barbanza coa autoestrada AP-9 e a zona sur de Galicia. Aмосa diferentes problemas de seguridade que esixe dunha actuación de mellora decidida para eliminar a perigosidade que presenta.

Tratándose dun vial de fundamental interese para os particulares e para os transportes comerciais que a empregan que representan un 15% dos usuarios.

As patronais de Arousa norte mantiveron unha xuntanza na que acordaron solicitar á Xunta (e en apoio desa demanda aos concellos da comarca) sexa transferida á Xunta e inclúa a obra entre os seus proxectos de interese prioritario.

Ante esta situación, propomos do pleno da corporación os seguintes

## ACORDOS

1. Reivindicar a urxente mellora do vial que minorice os riscos de accidentes neste tramo.
2. Instar ás Deputacións e á Xunta a transferencia desta vía de comunicación.>>

O Alcalde di que recibiu unha chamada esta semana reclamando este apoio do Concello de Rianxo e por ilo traen agora a moción.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, engade que servirá para unir a Comarca do Barbanza coa provincia de Pontevedra aforrando tempo e diñeiro aos que a empregan, asemade de mellorar a actividade empresarial e turística de Rianxo.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 abstencións (os 6 do P.P.), e cero votos en contra, dos 17 membros que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

### **15.3.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G E PsdeG-PSOE EN APOIO AO ENSINO PÚBLICO DE CALIDADE NO CONCELLO DE RIANXO( RXE nº 6634, do 20/10/2011)**

#### A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, comenta a moción que figura no expediente someramente.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade dos membros presentes, isto é 9 concelleiros** ( 5 do BNG e 4 do PSOE) ao ausentarse os 6 do PP, dos 17 que legalmente o conforman, polo tanto, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

#### B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, da lectura da moción:

<<Adelina Ces Quintáns e Carlos Gey Hermo, en representación dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e Partido dos Socialista de Galicia-PSOE, presentan a seguinte moción: CONTRA OS RECORTES DA XUNTA NA EDUCACIÓN.

#### EXPLICACIÓN DE MOTIVOS:

Ante os recortes da Xunta Expresamos a nosa preocupación polas medidas que se están a adoptar no ámbito dos servizos públicos en xeral e no ensino en particular e que teñen como consecuencia unha mingua de recursos tanto económicos, como humanos como materiais. temos constatado nos nosos centros estas consecuencias:

- A. incremento das ratios
- B. Asignación de áreas a profesorado sen a especialidade requerida
- C. Paralización das actuacións de mellora e mantemento das edificacións escolares
- D. Imposibilidade de poñer en marcha programas de atención á diversidade por mingua de persoal
- E. Imposibilidade de poñer en marcha programas de atención á diversidade por mingua de persoal
- F. Dificultades no funcionamento dos servizos complementarios.
- G. Dificultades no funcionamento dos servizos complementarios.

H. Reducción da plantilla do profesorado:

C.R.A. de Rianxo: 1 profesora menos en relación ao curso pasado

C.E.I.P. Ana María Diéguez: mantense a plantilla se ben ao inicio de curso faltou profesorado.

C.E.P. Brea Segade: 3 profes menos en relación ao curso pasado

C.E.I.P. Castelao: Mantense a plantilla logo de negociacións coa administración.

I.E.S. Félix Muriel: plantilla tense reducido en 7 profesores/as nos últimos 4 cursos, a pesares de manterse a matrícula dos alumnos/as e de terse incrementado a oferta educativa, (Implantación do Ciclo de Atención Socio Sanitaria)

Polo que manifestamos a preocupación pola afectación que estas dificultades están a ter na realización das Actividades Complementarias e Extraescolares.

Convecidos de que na actual situación de precarización económica un ensino de calidade é o mellor recurso que podemos aportar ás xoves xeracións e é tamén, a mellor estratexia que pode ter a propia sociedade para superar esta situación de crise económica. Neste sentido pois preocupanos que se abandonen ou poñan en risco todas as expectativas e esforzos realizados para a mellora da calidade do ensino e en concreto todos os esforzos e expectativas xeradas ao redor da construción da Sociedade do Coñecemento, referentes enunciados en diversos documentos de ámbito europeo, onde as diversas avaliacións realizadas urxen unha importante e profunda mellora e renovación dos servizos educativos para adecualos ás esixencias da sociedade actual.

Ante esta situación, e ante as expectativas dun afondamento nas políticas de restricción solicitamos, do pleno da corporación dos seguintes ACORDOS:

1 A paralización por parte da Administración Educativa da Xunta de Galicia, responsable principal das xestión deste servizo público que paralice as políticas de restricción e poña en marcha medidas e decisións que de xeito efectivo aposten pola mellora da calidade do ensino público:

2 Reducción de ratios

3 Incremento da oferta educativa

4 Incremento do profesorado

5 Mellora e renovación das edificacións e instalacións escolares

6 Mellora e extensión dos servizos complementarios: comedor e transporte

7 Posta en marcha en todos os centros do Programa ABALAR, necesario para posibilitar a adecuación do ensino ás demandas da sociedade actual

8 Recuperación do programa de gratuidade dos libros de texto, para todos os alumnos/as

9 Neste empeño de mellora da calidade da oferta educativa, garante principal da superación da situación actual de crise económica, chamamos tamén á colaboración de toda a sociedade e dos seus representantes.>>

O Alcalde comenta que diversas ANPAS dos colexios non achegaron o escrito ata o día de hoxe e por ilo ata o de agora non se puido incorporar ao expediente do pleno, de aí a xustificación para debatila hoxe. De feito, engade, algún aspecto afecta a unhas doce familias rianxeiras.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, reiterase no contido do texto da moción.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, intervén para engadir o seu parecer, amosando a preocupación ante esta situación que cualifica de moi grave. Expón que se están a reducir todas as axudas, suprimindo o programa de gratuidade dos libros de texto, redución das prazas de comedor... sábese a problemática dos alumnos

e especialmente o caso de rapaces que non poderán empregar o comedor, o incremento da ratio alumnos por profesor, a necesidade de mellorar as instalacións ( incluso a necesidade dunha nova gardería infantil xa que a existente non pode atender toda a demanda)...

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 9 concelleiros (os 5 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 abstencións (os 6 do P.P.), e cero votos en contra, dos 17 membros que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

**Sae Adelina Ces Quintáns ás 21:30 h.**

## **16.- ROGOS E PREGUNTAS**

**Reincorpóranse ao salón de plenos os 6 membros do grupo municipal do P.P.**

### ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS ANTERIORMENTE

Primeiro o **Alcalde** di que vai a respostar aos que restaban de plenos anteriores, e procede:

- Respecto do limpador de praias contratado en setembro debeuse a que o 31 de agosto houbo unha baixa voluntaria dunha limpadora, así que acudiuse ao seguinte da lista.

**Incorpórase Adelina Ces Quintáns ás 21:32 h.**

### ROGOS E PREGUNTAS NOVOS

**M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran**, concelleira do PP, formula os seguintes:

Rogos:

- *R.1. que se reduzan as taxas para os desempregados.*
- *R.2. que se arranxe o espello que hai na Capela, o Araño.*

O Alcalde toma nota de ambos e que o mirará para o próximo pleno.

Preguntas:

- *P.1. que pasa coas melloras do auditorio de 20.000€ en materiais?*

O Alcalde di que aínda que o gasto acontece durante o mandato actual, gastouse o diñeiro nese concepto sendo financiado pola Deputación e fíxose por persoal municipal cun custo menor que chegou a uns 26.000€. Di que dará conta no próximo pleno da relación de gastos, e afirma que non se modificou o obxecto da subvención que xa estaba acordado.

- *P.2. Paga o concello os seguros das instalacións?*

O Alcalde di que a respostará no pleno seguinte.

- *P.3. Que medidas se ían adoptar e que resposta se lles vai dar aos veciños de Taragoña que presentaron uns escritos solicitando a execución de obras que precisan?*

O Alcalde di que é certo que viñeron tres veciños - que se autonomearon en representación duns 30 da zona- para solicitar que se fixeran obras en Iñobre e no Castriño. O concello se comprometeu a axilizar o traballo e incluso introduciolo nun dos programas de cooperación de obras ( como o POS 2012) e espera telo preparado para marzo 2012 licitalo e demais actuacións que procedan.

Continúa dicindo que hai algunhas modificacións da Deputación, que as cambian ou as deixan para o 2013, aínda así verase de facelas con fondos propios. Tamén indica que dos 30 veciños non todos teñen necesidade imperiosa das ditas obras, e así estase a ver que noutros sitios cubra a outro tercio que as precisan. Na actual situación económica hai que priorizar actuacións atendendo ás necesidades realmente urxentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:44 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:44 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde.**

**A Secretaria.**

**Adolfo Muíños Sánchez**

**Carolina Costoya Pardo**